

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA DO DÍA 19 DE XUÑO DE 2026.

PRESIDENTE:

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA.

VOGAIS:

D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA.
D. JAVIER TOURÍS ROMERO *(En substitución de DONA LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ).*
D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
DONA BELÉN CACHAFEIRO ANTA.
DONA MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ.
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO.
D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO.
DONA ANA LAURA IGLESIAS GÓNZÁLEZ.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ.
DONA NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.
D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ.
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR.

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as doce horas do día 19 de xuño de 2026 asisten, baixo a Presidencia de D. Jesús Vázquez Almuiña Presidente da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asiste a Deputada, Dona María Luisa Sánchez Méndez, sendo substituída polo Deputado, Don Javier Tourís Romero.

Asisten a Viceinterventora, Don Susana Escaloni Varela e tamén a Secretaria Xeral, María Beatriz del Cerro del Río.

Actúa como Secretario delegado da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, Don José Antonio Gullías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, en virtude de nomeamento efectuado por Resolución Presidencial número 2026004574 de data 4 de xuño de 2026.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. *Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, do día 22 de maio de 2026. (Expte.-2023057599).***

Sometido a votación o asunto, apróbase por unanimidade a acta da reunión anterior da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, do día 22 de maio de 2026.

- 2. *Delegación de competencias do Concello de Forcarei na Deputación para desenvolver as facultades de xestión tributaria e recadación en vía voluntaria dos ingresos de dereito público municipais e a inclusión deste concello no***



ámbito de aplicación do convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda e a Deputación. (Exptes.- 2026048666 - 2026036423).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación da delegación de competencias efectuada polo Concello de Forcarei na Deputación para desenvolver as facultades de xestión tributaria e recadación en vía voluntaria dos ingresos de dereito público municipais e a inclusión deste concello no ámbito de aplicación do convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda e a Deputación, asinada con data 15 de xuño de 2026 polo Tesoureiro e polo Deputado Delegado da área de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, cuxo contido é o seguinte:

“O Pleno do Concello de Forcarei na sesión que tivo lugar o día 23 de abril de 2026, acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades de xestión tributaria e recadación en vía voluntaria dos ingresos de dereito público municipais, relacionados a continuación, e a inclusión do devandito concello no ámbito de aplicación do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda e a Deputación Provincial de Pontevedra, e nos termos que constan nas certificacións do Acordos remitido polo mesmo a esta Deputación Pontevedra – ORAL e que consta no expediente.

A) XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA:

- *Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI)*
- *Imposto sobre Actividades Económicas (IAE)*
- *Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM)*
- *Taxa por servizos de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, monda de pozos negros e limpeza en rúas particulares do Concello de Forcarei.*
- *Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por Entidades Locais.*
- *Taxa pola prestación do servizo de sumidoiro*
- *Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.*
- *Taxa por ocupacións do voo de toda clase de vías públicas municipais con elementos construtivos pechados, terrazas, miradores, balcóns, marquesiñas, toldos, paraventos e outras instalacións semellantes voladizas sobre a vía pública ou que sobrasaían da liña da fachada.*



- *Taxa por servizos de cemiterios locais, condución de cadáveres e outros servizos fúnebres de carácter local..*
- *Taxa pola licencia de auto-taxi e demais vehículos de aluguer.*

Asemade, na mesma sesión do día 23 de abril de 2026, o Pleno do Concello de Forcarei acordou a inclusión do devandito concello no ámbito de aplicación do Convenio de colaboración en materia de Xestión Catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e a Deputación Provincial de Pontevedra (BOE 28 /12/2021), previa denuncia, neste caso, do Convenio vixente entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Forcarei, nos termos que constan na certificación do Acordo remitido polo dito concello a esta Deputación Pontevedra e que consta no expediente:

B) INCLUSIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI NO ÁMBITO DE APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (BOE 28 /12/2021) NO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL.

O artigo 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Polos Servizos de Xestión Catastral e Tributaria do IBI, Xestión de Recursos Públicos, Inspección e Procedementos Sancionadores, Recadación, Servizo Xurídico do ORAL e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.

De acordo coa proposta emitida pola Tesourería e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno da Deputación

ACORDA

PRIMEIRO.- Aceptar a delegación efectuada polo concello de Forcarei das facultades de xestión tributaria e recadación en vía voluntaria dos ingresos de dereito público municipais, relacionados a continuación, e a inclusión do devandito concello no ámbito de aplicación do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a



Secretaría de Estado de Facenda e a Deputación Provincial de Pontevedra, e segundo Acordos do Pleno do citado concello adoptados na sesión que tivo lugar o día 23 de abril de 2026, quedando a execución das actuacións derivadas da dita delegación supeditada á achega de toda a información requirida ao concello de Forcarei. En todo caso, unha vez entrada en vigor, esta delegación afectará a todos aqueles padróns referentes aos tributos incluídos no presente acordo, que non foran aprobados previamente polo concello de Forcarei:

A) XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA:

- *Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI)*
- *Imposto sobre Actividades Económicas (IAE)*
- *Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM)*
- *Taxa por servizos de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, monda de pozos negros e limpeza en rúas particulares do Concello de Forcarei.*
- *Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministrados sexan prestados por Entidades Locais.*
- *Taxa pola prestación do servizo de sumidoiro*
- *Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.*
- *Taxa por ocupacións do voo de toda clase de vías públicas municipais con elementos construtivos pechados, terrazas, miradores, balcóns, marquesiñas, toldos, paraventos e outras instalacións semellantes voladizas sobre a vía pública ou que sobrasaían da liña da fachada.*
- *Taxa por servizos de cemiterios locais, condución de cadáveres e outros servizos fúnebres de carácter local..*
- *Taxa pola licenza de auto-taxi e demais vehículos de aluguer.*

B) INCLUSIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI NO ÁMBITO DE APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (BOE 28 /12/2021) NO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL.

SEGUNDO.- *A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de*



Pontevedra aprobada definitivamente pola Deputación e publicada no BOPPO en data 14 de xuño de 2023 e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

TERCEIRO.- Dar conta ao Concello de Forcarei do contido íntegro deste Acordo.

CUARTO.- Facer público este Acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a aprobación da delegación de competencias efectuada polo Concello de Forcarei na Deputación para desenvolver as facultades de xestión tributaria e recadación en vía voluntaria dos ingresos de dereito público municipais e a inclusión deste concello no ámbito de aplicación do convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda e a Deputación, asinada con data 15 de xuño de 2026 polo Tesoureiro e polo Deputado Delegado da área de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias.

O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo nove (9) do grupo provincial do Partido Popular, seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación de competencias efectuada polo Concello de Forcarei na Deputación para desenvolver as facultades de xestión tributaria e recadación en vía voluntaria dos ingresos de dereito público municipais e a inclusión deste concello no ámbito de aplicación do convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda e a Deputación, cos votos



a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG.

3. Aprobación do expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do acordo marco que rexerá o sistema de impresión e dixitalización para as entidades locais da provincia de Pontevedra. (Exptes.- 2026048674 - 2025077421).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación do expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do acordo marco que rexerá o sistema de impresión e dixitalización para as entidades locais da provincia de Pontevedra, asinada con data 8 de xuño de 2026 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e polo Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación, cuxo contido é o seguinte:

“A Deputación de Pontevedra no seu afán de mellorar a prestación de servizos TIC, de cara as entidades locais da provincia, leva desde o ano 2016 propoñendo servizos baixo distintos modelos de adhesión para as distintas entidades locais da provincia cos que pretende poñer a disposición das entidades locais unha maneira sinxela de acceder a servizos en condicións competitivas á vez que se evita que estas se vexan obrigadas a levar a cabo, de xeito unilateral, a execución de complicados procesos de licitación pública.

Nesta liña co propósito de prestar apoio directo ás entidades locais da provincia na cobertura de distintas áreas TIC, a Deputación puxo en marcha a Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos, en diante OTAC que se concibe como un órgano canalizador na prestación de servizos tecnolóxicos aos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, consciente da importancia das TIC como ferramentas para impulsar o progreso, a cohesión territorial e a modernización administrativa.

Un dos modelos de adhesión que a Deputación ten en vigor na actualidade é o “Acordo marco para o servizo de impresión e dixitalización para os concellos da provincia de Pontevedra” Este acordo marco remata o 5 de xuño de 2026, polo que é necesaria unha nova contratación destes servizos, por un novo período de tempo. Así mesmo a Deputación poderá facer uso do sistema de impresión e dixitalización para as entidades locais da provincia de Pontevedra nas condicións establecidas sempre que considere que o servizo presenta as condicións máis idóneas para satisfacer os seus propios intereses.

A Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente estes traballos xa que non conta con persoal especializado nesa materia. Ademais non existe actualmente programas de titularidade doutras Administracións que puideran satisfacer estas necesidades, segundo o previsto no art.



157 da Lei 40/2015 e asimesmo realizouse unha procura no directorio de solucións do Centro de Transferencia de Tecnoloxía (CTT) sendo o resultado infrutuoso

En base ao exposto, o Deputado delegado en materia de Novas Tecnoloxías e Contratación, con data 4 de marzo de 2026, ditou providencia de inicio para a contratación dun acordo marco que rexerá o sistema de impresión e dixitalización para as entidades locais da provincia de Pontevedra. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 20 de abril de 2026, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun acordo marco mixto sendo a presentación principal a de subministración, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Consta no expediente memoria definitiva con CSV:(CMPTP1JHJTFFNANZ6).

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando que a Secretaría Xeral, con data 4 de maio de 2026 informa favorablemente o expediente.

Resultando que con data 1 de xuño de 2026 a intervención emite informe de fiscalización polo que se informa favorablemente o expediente.

Considerando os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando o artigo 131.2 da LCSP que establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais o Pleno , de



conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ACORDA:

1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do acordo marco que rexerá o sistema de impresión e dixitalización para as entidades locais da provincia de Pontevedra.

O Acordo Marco concluirase cunha única empresa, e fixará todos os termos, condicións e prezos unitarios que rexerán os contratos derivados que se podan adxudicar durante a súa vixencia, sen nova licitación. A contía total dos servizos que se vaian a prestar ao abeiro deste Acordo Marco non se pode definir con exactitude ao tempo de celebralo, por estar subordinada ás necesidades de cada entidade local.

Os contratos derivados poderán celebrarse entre a empresa coa que se subscriba o Acordo Marco e as entidades locais da provincia de Pontevedra que ostenten esta condición segundo o disposto no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que serán as encargadas de adxudicalos e que estén adheridas ou soliciten a adhesión a Oficina Tecnolóxica de asistencia aos concellos (OTAC).

O acordo marco terá unha duración de 4 anos contados desde a súa formalización en tanto que os contratos derivados que poderán adxudicarse polas entidades locais da provincia interesadas durante a vixencia do Acordo Marco, fixarán o prazo concreto de duración, o cal deberá formularse en meses, sen que poda ser inferior a 12 meses e sen que poda superar o período de vixencia do acordo marco.

O acordo marco non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos derivados que se adxudiquen ao abeiro deste Acordo marco, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa parte do Acordo Marco.

Non obstante, a efectos informativos, establécese un orzamento máximo estimado para o conxunto de contratos derivados que se poidan adxudicar durante a vixencia do Acordo Marco, que se adecúa aos prezos do mercado, por importe de 11.200.408,56 € (Ive engadido) para os catro anos de duración do acordo marco.

Os prezos unitarios máximos deste acordo marco son os seguintes:

- Prezo por copia: os prezos de licitación máximos das copias serán os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE MÁXIMO (sen IVE)
Copias branco/negro	0,003 €
Copias cor	0,04 €

Os prezos computaranse con base na copia, non ao tipo de papel, por exemplo unha copia a cor A3 terá o mesmo custo que unha copia cor A4.

- Prezo de arrendamento de equipos, accesorios e mantemento.



TIPO DE EQUIPO	EQUIPO I1	EQUIPO I2	EQUIPO I3	EQUIPO I4	EQUIPO I5
PREZO MÁXIMO DE ARRENDAMENTO MENSUAL DO EQUIPO (SEN IVE)	10 €	40 €	50 €	120 €	180 €
PREZO MÁXIMO DE ARRENDAMENTO MENSUAL DE CADA BANDEXA DE PAPEL OPCIONAL A4 500 FOLLAS (SEN IVE)	5 €	12 €	12€	20 €	20 €
PREZO MÁXIMO DE ARRENDAMENTO MENSUAL DO MOBLE ACCESORIO (SEN IVE)	4 €	4 €	5€	Non aplicable	Non aplicable
PREZO MÁXIMO DE ARRENDAMENTO MENSUAL DE CADA FINALIZADOR OPCIONAL 500 FOLLAS 1 POSICION GRAMPADO (SEN IVE)	Non aplicable	Non aplicable	15 €	15 €	15 €
PREZO MÁXIMO DE ARRENDAMENTO MENSUAL DE CADA FINALIZADOR OPCIONAL 1000 FOLLAS 3 POSICIONS DE GRAMPADO (SEN IVE)	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	20 €	20 €
LECTORES DE TARXETAS	Non aplicable	Non aplicable	20 €	20 €	20 €
PLACA DE FAX	Non aplicable	Non aplicable	20 €	20 €	20 €

- Prezo máximo da solución do software de xestión

CONCEPTO	IMPORTE MÁXIMO DAUNIDA DE LICENZA / MES (sen IVE)
Solución básica	0,00 €
Solución avanzada	30,00 €

2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas con (CSV: A2PHRY9N4HNAJB8O) e de prescricións técnicas con (CSV: PLZOTQ6EWZXYB9KG) que rexerán en dito procedemento coma lei fundamental do acordo marco.

3.- Nomear como responsable do acordo marco a Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías.

4.- Delegar na Presidencia:

- A realización dos requirimentos e demais trámites previstos nos artigos 150 e 151 da LCSP, previa aceptación da clasificación das propostas que efectúe a mesa de contratación.

5.-Delegar, por razóns de celeridade, na Xunta de Goberno provincial:

- A incoación do expediente de resolución do contrato. O Pleno resérvase, no seu caso, o acordo de resolución.



- *A incoación e resolución das incidencias, que se produzan na execución do contrato que non conleven a resolución do mesmo, en particular as relativas ao incumprimento ou cumprimento defectuoso das prestacións que poidan ser obxecto da imposición de penalidades.*
- *Os demais actos de trámite que conleven a adxudicación e execución do contrato.*

6.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do seguinte prazo: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.”

O Deputado, D. Cesáreo Mosquera Lorenzo pregunta polos motivos que deron lugar ao retraso na tramitación deste expediente, contestando o Secretario da Comisión que foron debidos en xeral á complexidade deste expediente suxeito a regulación harmonizada así como a demora na emisión de informes complementarios sobre a necesidade de aclarar e completar diversos aspectos relacionados co orzamento base de licitación da providencia de inicio e coa ampliación da información para coñecer a obtención dos importes achegados no prego de prescricións técnicas.

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo correspondente á aprobación do expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do acordo marco que rexerá o sistema de impresión e dixitalización para as entidades locais da provincia de Pontevedra, asinada con data 8 de xuño de 2026 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e polo Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación.

O resultado da votación foi o seguinte:

- 1. Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación do expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do acordo marco que rexerá o sistema de impresión e dixitalización para as entidades locais da provincia de Pontevedra,



cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

4. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2026. (Exptes.- 2026048681 - 2026046338).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2026, asinada con data 16 de xuño de 2026 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, cuxo contido é o seguinte:

“O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, propón ao Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2026. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 05/26) por importe de 74.107,81 euros, suplementos de créditos (SUP.05/26) por importe de 4.195.000,00 euros e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que esta Intervención emite informe de data 15 de xuño de 2026, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2026.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda:



Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 05/2026 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 05/26) por importe de 74.107,81 euros e outro de suplementos de créditos (SUP. 05/26) por importe de 4.195.000,00 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1.- Créditos Extraordinarios "EXT. 05/26":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-1708-120.51	Soldo func. interinos sen praza (RIBEIRAS_VIVAS)_COOPERACIÓN (Fondos propios, Proxecto 2610005 - RIBEIRAS VIVAS, Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 "FEDER")	2.748,28 €
942-1708-120.53	Paga extra func. interinos sen praza (RIBEIRAS_VIVAS)_COOPERACIÓN (Fondos propios Proxecto 2610005 - RIBEIRAS VIVAS, Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 "FEDER")	499,69 €
942-1708-121.51	C. Destino Func. Interinos sen praza (RIBEIRAS_VIVAS)_COOPERACIÓN (Fondos propios Proxecto 2610005 - RIBEIRAS VIVAS, Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 "FEDER")	1.998,75 €
942-1708-121.52	C. Específico Func. Interinos sen praza (RIBEIRAS_VIVAS)_COOPERACIÓN (Fondos propios Proxecto 2610005 - RIBEIRAS VIVAS, Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 "FEDER")	1.998,75 €
942-1708-160.00	Seguridade Social(RIBEIRAS_VIVAS)_COOPERACIÓN (Fondos propios Proxecto 2610005 - RIBEIRAS VIVAS, Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 "FEDER")	2.748,28 €
942-1708-220,00	MATERIAL DE OFICINA (RIBEIRAS_VIVAS)_COOPERACIÓN (Fondos propios Proxecto 2610005 - RIBEIRAS VIVAS, Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 "FEDER")	265,31 €
942-1708-226,06	XORNADAS, CURSOS E FORMACIÓN (RIBEIRAS_VIVAS)_COOPERACIÓN (Fondos propios Proxecto 2610005 - RIBEIRAS VIVAS, Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 "FEDER")	1.061,25 €
942-1708-226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA (RIBEIRAS_VIVAS)_COOPERACIÓN (Fondos propios Proxecto 2610005 - RIBEIRAS VIVAS, Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 "FEDER")	2.450,00 €
942-1708-227,06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS (RIBEIRAS_VIVAS)_COOPERACIÓN (Fondos propios Proxecto 2610005 - RIBEIRAS VIVAS, Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 "FEDER")	22.050,00 €
942-1708-230.20	Axudas de custo (RIBEIRAS_VIVAS)_COOPERACIÓN (Fondos propios Proxecto 2610005 - RIBEIRAS VIVAS, Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 "FEDER")	315,00 €



942-1708-231.20	Locomoción (RIBEIRAS_VIVAS)_COOPERACIÓN (Fondos propios Proxecto 2610005 - RIBEIRAS VIVAS, Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 "FEDER")	472,50 €
942-1708-652,09	Investimentos xestionados para Concellos (RIBEIRAS_VIVAS)_COOPERACIÓN (Fondos propios Proxecto 2610005 - RIBEIRAS VIVAS, Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 "FEDER")	37.500,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	74.107,81 €

Financiamento do expediente Crédito Extraordinarios "EXT. 05/26":

Os Créditos Extraordinarios fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...	74.107,81 €

2.- Suplementos de Créditos "SUP. 05/26":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231-2311-789.00	INVESTIMENTOS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL _BENESTAR SOCIAL (Ampliación Bases para a realización de obras en instalacións das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro)	203.000,00 €
433-4320-462.04	SUBVENCIONS A E. LOCAIS (FESTAS)_TURISMO (Entroido de Cobres, en Vilaboa, Festa de Interese Turístico Nacional)	7.000,00 €
433-4320-479.01	OUTRAS SUBVENCIONS A EMPRESAS PRIVADAS _TURISMO (Achegas a entidades detalle Anexo II das bases de execución)	23.000,00 €
433-4320-487.01	ACHEGAS PARA EVENTOS SINGULARES DE INTERÉS TURÍSTICO _TURISMO (Achegas a entidades detalle Anexo II das bases de execución)	12.000,00 €
942-4590-489.07	A COMUNIDADES VECIÑALES, G. CORRENTE (PAC)_COOPERACION (Ampliación +NOVAQUA 2026)	10.000,00 €
942-4590-789.07	A COMUNIDADES VECIÑALES, INVESTIMENTOS (PAC)_COOPERACIÓN (Ampliación programas: " +AQUA 2026" en 2.240.000,00€ e "PROVINCIA 2026" en 1.700.000,00€)	3.940.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	4.195.000,00 €

Financiamento do expediente Suplementos de Créditos "SUP. 05/26":

Os Suplementos de Créditos fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.



Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Crédito...	4.195.000,00 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	4.195.000,00 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	74.107,81 €
SUMA...	4.269.107,81 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directos.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	4.269.107,81 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	4.269.107,81 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOOS...	4.269.107,81 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	9.993,75 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	26.614,06 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	52.000,00 €
Capítulo 6º Invetimentos reais.	37.500,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	4.143.000,00 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	4.269.107,81 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €



TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...
4.269.107,81 €

3.- *Modificación do Anexo II das bases de execución, modificando e engadindo como subvencións nominativas, as seguintes:*

433- TURISMO

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
26/433-4320-462.04	SUBVENCIONS A E. LOCAIS (FESTAS)_TURISMO	210.000,00 €	
P3605800F	Concello de Vilaboa	7.000,00 €	Entroido de Cobres, Festa de Interese Turístico Nacional,
26/433-4320-479.01	OUTRAS SUBVENCIONS A EMPRESAS PRIVADAS_ TURISMO	98.000,00 €	
B94072212	La Alacena Roja S.L.	5.000,00 €	Gala La Alacena Roja
B36416410	OVO PUBLICIDADE S.L	15.000,00 €	Feira Etiqueta Negra
B27742105	PEPITA-TERY PRODUCCIONES SL	3.000,00 €	Gastromovida
26/433-4320-487,01	ACHEGAS PARA EVENTOS SINGULARES DE INTERÉS TURÍSTICO	35.000,00 €	
G27650944	Asociación Cultura Imaxinativa	6.000,00 €	Festival de Series Ría de Vigo
V28712115	Federación Española de Cámpings	6.000,00 €	Congreso da Federación Española de Cámpings

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 05/2026 que inclúe créditos extraordinarios (EXT. 05/26) por importe de 74.107,81 euros, suplementos de créditos (SUP.05/26) por importe de 4.195.000,00 euros e as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 05/2026, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.”



Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo correspondente á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2026, asinada con data 16 de xuño de 2026 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias.

O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2026, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

5. *Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) polo recoñecemento expreso por parte das entidades locais do dereito á exención do IBI ás Comunidades de Montes (CC.MM) e pola exclusión destas dos padróns municipais de contribuíntes obrigados ao seu pago. (Expte.- 2026048887).*

A Deputada do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG), Dona Maria Manuela Pumar, presentou o día 15 de xuño de 2026 co número de rexistro WEB2026050527 unha moción polo recoñecemento expreso por parte das entidades locais do dereito á exención do IBI ás Comunidades de Montes (CC.MM) e pola exclusión destas dos padróns municipais de contribuíntes obrigados ao seu pago, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN POLO RECOÑECEMENTO EXPRESO POR PARTE DAS ENTIDADES LOCAIS DO DEREITO Á EXENCIÓN DO IBI ÁS CC.MM. E POLA EXCLUSIÓN DESTAS DOS PADRÓNS MUNICIPAIS DE CONTRIBUÍNTES OBRIGADOS AO SEU PAGO



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Recentemente, membros da dirección da Organización Galega de Comunidades de Montes en Man Común (ORGACMM) volveron denunciar publicamente que, malia estar as Comunidades de Montes (CCMM) exentas por lei do pago do IBI, hai concellos que seguen a lles xirar os recibos do imposto. Na provincia de Pontevedra son varios os concellos que pasan ao cobro o IBI ás Comunidades abrigándoas a reclamar o recoñecemento da exención e a devolución dos importes cobrados indebidamente.

En non poucas ocasións as administracións locais derivan a responsabilidade a outras, como nos casos en que a xestión da recadación do imposto está delegada no Órgano de Xestión Tributaria e Recadación de Recursos Locais (ORAL) da Deputación de Pontevedra. Así, os concellos remiten ao ORAL e este aos concellos, para desesperación das xuntas rectoras das CCMM que demandan que todas as administracións locais unifiquen a actuación axustándoa a dereito.

Ese dereito vén recollido no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL). Concretamente no TÍTULO II Recursos dos municipios, Subsección 2.ª Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI), Artigo 62. Exencións, que no seu punto primeiro apartado b) di que estarán exentos do IBI: “Os bens comunais e os montes veciñais en man común”. No mesmo sentido, o artigo 2 da Lei estatal 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais en man común, dispón que “non estarán suxeitos a contribución algunha de base territorial”.

Normalmente, a razón de que os concellos pretendan cobrar o IBI ás CCMM estriba en que interpretan que a exención do imposto ten a ver con chan comunal, pero non con construcións comerciais ou industriais que se erixan nel. Nomeadamente respecto daquelas que son arrendadas a terceiros e que as entidades locais consideran desvinculadas dos usos propios do monte ou característicos del, como o forestal, sen teren en conta que os ingresos que xeran as actividades que se desenvolven nesas construcións reverten en sufragar gastos asociados ao propio monte e que, en definitiva, redundan no seu obxecto e beneficio social.

Esa consideración incorrecta por parte dos concellos ten provocado que, diante do cobro indebido e da negativa á retrocesión do cargo por parte da entidade local, algunhas comunidades se viran forzadas a presentar recurso contencioso administrativo para que se lle recoñecera o beneficio fiscal da exención.

Froito deses litixios, hai xurisprudencia que establece que “a exención é de carácter subxectivo e non mixto e abarca todo o chan e construcións situadas dentro do perímetro clasificado como monte veciñal en man común, “con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria”.

Esta foi a interpretación que adoptou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia atendendo o artigo 1 da Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común,



e que veu resolver con carácter definitivo as dúbidas sobre a interpretación e aplicación do citado artigo 6.2.1.b) do TRLRFL.

Con ese fundamento, as CCMM e as organizacións en que estas se integran demandan das administracións locais que procedan a excluílas, de xeito total, xeral e definitivo, dos seus padróns de contribuíntes suxeitos ao pago deste tributo, para evitar as molestias e/ou os pleitos posteriores para esixir o recoñecemento da exención e a devolución dos importes

En base a todo o exposto, o grupo provincial do BNG solicita do Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte ACORDO:

- Instar ao conxunto das entidades locais da provincia e/ou aos organismos de xestión de cobro dos tributos municipais a recoñecer expresamente o dereito á exención do IBI ás CC.MM e, en consecuencia, a excluílas de xeito definitivo do padrón municipal de contribuíntes obrigados ao pago dese imposto.”.*

O Presidente da Comisión solicítalle a Deputada María Manuela Rodríguez Pumar se pode aclarar algunhas cuestións relativas a moción, en concreto sobre a legalidade de poder efectuar a execución do IBI as Comunidades de Montes.

A Deputada María Manuela Rodríguez Pumar efectúa diversas consideracións sobre o texto da moción matizando que hai xurisprudencia que establece que a exención é de carácter subxectivo e non mixto e abarca todo o chan e construcións situadas dentro do perímetro clasificado como monte veciñal en man común, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, que foi a interpretación que adoptou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia atendendo o artigo 1 da Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e que veu resolver con carácter definitivo as dúbidas sobre a interpretación e aplicación do artigo 6.2.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Sometida a votación a moción do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG), polo recoñecemento expreso por parte das entidades locais do dereito á execución do IBI ás Comunidades de Montes (CC.MM) e pola exclusión destas dos padróns municipais de contribuíntes obrigados ao seu pago, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (2)**, do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (15)**, sendo nove (9) do Partido Popular e seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE.



A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a moción do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG), polo recoñecemento expreso por parte das entidades locais do dereito á execución do IBI ás Comunidades de Montes (CC.MM) e pola exclusión destas dos padróns municipais de contribuíntes obrigados ao seu pago, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE.

6. *Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Goberno de España para a resolución urxente da convocatoria de axudas aos concellos para reparar os danos causados polos temporais do pasado inverno. (Expte.-2026048888).*

O voceiro do grupo provincial do Partido Popular, D. Jorge Cubela López, presentou o día 16 de xuño de 2026 co número de rexistro WEB2026050703 unha moción de solicitude ao Goberno de España para a resolución urxente da convocatoria de axudas aos concellos para reparar os danos causados polos temporais do pasado inverno, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN DE SOLICITUDE AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA A RESOLUCIÓN URXENTE DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AOS CONCELLOS PARA REPARAR OS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS DO PASADO INVERNO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A provincia de Pontevedra padeceu durante os pasados outono e inverno, pero principalmente ao longo dos meses de decembro e xaneiro, numerosos trens de borracas que provocaron numerosos danos en infraestruturas, equipamentos e bens de titularidade municipal e que motivaron a declaración da nosa comunidade como Zona Afectada Gravemente por Emerxencias de Protección Civil (ZAGPEC) por parte do Consello de Ministros na súa reunión do pasado 29 de decembro.

Froito desta situación, o Ministerio de Política Territorial abriu, o pasado mes de marzo, unha convocatoria de axudas para os concellos orientada a sufragar a reparación destes desperfectos, pero que sospeitosamente dispuxo dun prazo moi reducido para que os municipios presentasen a súa solicitude debidamente xustificada tras acometer o enorme traballo de avaliar os danos dos temporais en todo o seu territorio.

Ao abeiro desta convocatoria, o subdelegado do Goberno, Abel Losada, anunciou o pasado 18 de marzo que se recibiran 331 presolicitudes procedentes de 23 concellos da provincia de Pontevedra e que as mesmas serían analizadas polo ministerio para que, as que cumprisen cos requisitos, cumprimentasen formalmente a súa solicitude en réxime de concorrencia non competitiva.



Máis alá da complexidade burocrática do proceso artellado polo Goberno de España, orientado máis ben a enlevar e alongar o tema para, como de cotío, non cumprir cos concellos nin con Galicia, desde o PP Provincial temos que censurar que, tres meses despois do anuncio de Abel Losada, o Ministerio de Política Territorial aínda non se teña dirixido aos 23 concellos solicitantes nin, por suposto, resolvera esta liña de achegas.

Neste senso, esta tardanza confirma as sospeitas de que, tanto desde o PP Provincial como incluso alcaldes e voceiros do propio Partido Socialista, non vai haber nin un só euro para os concellos destinados ás reparacións dos temporais e que esta convocatoria pertence máis á habitual política de falsa propaganda do Goberno de Pedro Sánchez cara ás administracións locais, cuxo maior exemplo na provincia foi cando o propio Abel Losada acudíu ao Concello da Lama a anunciar a concesión dunha axuda para o Reto Demográfico cando era mentira.

En todo caso, desde o PP Provincial lamentamos que un total de 23 concellos da provincia estean agardando desde hai tres meses por estas axudas e tamén queremos denunciar a hipocresía do propio subdelegado do Goberno cando, nas súas manifestacións sobre as presolicitudes recibidas, lamentou que a Deputación de Pontevedra descartara artellar ningunha liña nesta materia cando, como se puido comprobar polos feitos, tamén faltou á verdade.

Loxicamente, o organismo provincial tardou máis en impulsar esta medida porque, a diferenza do Goberno de España, no caso da Deputación a liña de subvencións ía estar documentada, contar con orzamento e executarse, e por iso se habilitaron 8 millóns de euros a prol dos 59 concellos menores de 50.000 habitantes –non duns poucos– que xa se están comezando a pagar ás entidades locais.

Así, hoxe en día o Plan Vía Depo presentado polo presidente provincial, Luis López, está a pleno rendemento, permitindo que as obras de reparación dos temporais se acometan no actual momento de boa climatoloxía, mentres que das supostas axudas do Goberno de España nada se sabe desde o pasado 18 de marzo, un prazo que consideramos excesivo tendo en conta que moitas das reparacións son urxentes e revelador das verdadeiras intencións do executivo socialista de non axudar, unha vez máis, aos concellos da nosa provincia.

En concreto, os concellos que están á espera de novas por parte do Ministerio de Política Territorial, e cuxas presolicitudes suman 16 millóns de euros, son os seguintes: A Caniza (491.000 euros), A Guarda (98.000), A Illa de Arousa (852.000), Agolada (669.000), Cambados (22.000), O Campo Lameiro (109.000), Cerdedo Cotobade (413.000), Crecente (300.000), Cuntis (770.000), Forcarei (182.000), Marín (187.000), Moaña (219.000), O Grove (2,1 millóns), O Rosal (156.000), Poio (324.000), Pontevedra (4 millóns), Rodeiro (2,7 millóns), Salceda de Caselas (88.000), Sanxenxo (1,2 millóns), Silleda (632.000), Tomiño (75.000), Vilaboa (35.000) e Vilanova de Arousa (375.000).

Ante esta situación de incerteza, falta de información e moitas dúbidas por parte destes municipios, desde o PP Provincial queremos esixirlle ao Goberno de España que se poña en contacto con eles de xeito inmediato, que resolva estas presolicitudes e que ditamine



a convocatoria de axudas en caso de que teña algunha intención de investir un só euro en axudar aos concellos a reparar os seus danos dos pasados temporais para que esta suposta liña de achegas non quede, como moitas outras, na nada máis absoluta.

En todo caso, xa temos que lamentar a tardanza e os prazos, posto que dificultarán que moitos concellos, que non dispoñan de fondos para adiantar a contratación das obras ou que padezan outras circunstancias económicas, poidan acometelas en tempo e forma aproveitando a boa climatoloxía do verán.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1. *Solicitar ao Ministerio de Política Territorial do Goberno de España que resolva as presolicitudes dos 23 concellos da provincia de Pontevedra para recibir achegas estatais destinadas ao arranxo dos desperfectos dos pasados temporais e que formalice canto antes esta convocatoria de axudas co obxectivo de que se beneficien destes fondos públicos.”*

Sometida a votación a moción do grupo provincial do Partido Popular de solicitude ao Goberno de España para a resolución urxente da convocatoria de axudas aos concellos para reparar os danos causados polos temporais do pasado inverno, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a moción do grupo provincial do Partido Popular de solicitude ao Goberno de España para a resolución urxente da convocatoria de axudas aos concellos para reparar os danos causados polos temporais do pasado inverno, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

7. ***Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación e da Xunta de Galicia que aporten unha dotación orzamentaria para promover rutas aéreas no Aeroporto de Vigo. (Expte.- 2026048890).***



A voceira do grupo provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, presentou o día 16 de xuño de 2026 co número de rexistro WEB2026050724 unha moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación e da Xunta de Galicia que aporten unha dotación orzamentaria para promover rutas aéreas no Aeroporto de Vigo, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN E DA XUNTA DE GALICIA QUE APORTEN UNHA DOTACIÓN ORZAMENTARIA PARA PROMOVER RUTAS AÉREAS NO AEROPORTO DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os aeroportos son unhas infraestruturas clave para un territorio posto que permiten a mobilidade persoal pero, sobre todo, son un instrumento fundamental para a actividade económica ao permitir non só o transporte de mercancías senón de persoas que viaxan por negocios .

O aeroporto de Vigo é o aeroporto con maior tráfico de viaxeiros de Galicia grazas ao impulso da economía, do turismo e da poboación asentada nunha área metropolitana que supera o medio millón de habitantes e nunha zona de influencia de case oitocentos mil habitantes.

A provincia con máis densidade de poboación e a área metropolitana de Vigo, que é a que máis aporta ao PIB da Comunidade Autónoma, precisan dispor dun aeroporto que conte co apoio de todas as Administracións públicas.

Esta poboación se atopa nun radio de cincuenta quilómetros dende o aeroporto e que chega ata os cen quilómetros ou máis, polo que o aeroporto de Vigo non é de carácter local senón que pasa a ter carácter supramunicipal.

Ás empresas da nosa contorna atraen a miles de viaxeiros que se desprazan ás industrias do naval, da automoción, do peixe ou doutros sectores. Pero ademais, recentemente, o sector servizos e hoteleiro empeza a gañar peso na economía da cidade de Vigo, grazas ao seu impulso como destino turístico, algo que vai en beneficio da economía de toda a provincia e de toda a comunidade.

Todos estes datos poñen de manifesto a importancia dun medio de transporte que nos conecte, nun tempo razoable, con Málaga, Madrid, Barcelona, Bilbao, Palma, Sevilla, Valencia, Tenerife ou con cidades de europeas como, Frankfurt, Paris, Londres, Milán, Boloña.

Resulta, pois, necesario que a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, como administracións supramunicipais, potencien ao noso tecido socioeconómico favorecendo e apoiando novas conexións, nacionais e internacionais, pero tamén de maiores frecuencias.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes



ACORDOS:

1. Que o Goberno da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra, xunto co Concello de Vigo, aporten unha dotación orzamentaria dun terzo cada unha para promover rutas aéreas no aeroporto de Vigo.

Sometida a votación a moción do grupo provincial do PSdeG-PSOE, para para esixir da Deputación e da Xunta de Galicia que aporten unha dotación orzamentaria para promover rutas aéreas no Aeroporto de Vigo, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.
- 2. Votos en contra: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular
- 3. Abstencións: (2)**, do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, para para esixir da Deputación e da Xunta de Galicia que aporten unha dotación orzamentaria para promover rutas aéreas no Aeroporto de Vigo, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE, cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular (PP) e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG.

8. *Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia á defensa e fortalecemento da atención primaria en Galicia. (Expte.- 2026048892).*

A voceira do grupo provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, presentou o día 16 de xuño de 2026 co número de rexistro WEB2026050725 unha moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia á defensa e fortalecemento da atención primaria en Galicia, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE INSTE A XUNTA DE GALICIA Á DEFENSA E FORTALECEMENTO DA ATENCIÓN PRIMARIA EN GALICIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está a ser obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos, por suposto, os propios profesionais que traballan no sistema. Esta situación viña sendo central no debate da política sanitaria antes da pandemia, problema que os e as profesionais do sistema sanitario afrontaron con tremenda profesionalidade e capacidade de resolución, sen que iso servira para que as ineficiencias na xestión da atención primaria fosen afrontadas cun novo impulso por parte do Goberno galego.

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación crecente da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e por anos de desatención. Os recortes da última década amósanse agora con toda a súa crudeza e obsérvase como a perda de investimento e de persoal —aínda hoxe hai menos profesionais sanitarios en atención primaria que en 2009, segundo o propio volume de persoal recoñecido nos orzamentos da Xunta— repercuten nun sistema saturado e con profesionais precarizados que acumula atrasos e demoras na súa capacidade asistencial.

O extraordinario traballo dos profesionais sanitarios e o seu esforzo constante, que durante a pandemia constituíu unha auténtica táboa de salvación para a cidadanía, non está a ser valorado nin acompañado por decisións políticas que permitan mellorar a súa situación. Galicia continúa mantendo unhas das condicións laborais menos atractivas do Estado para os profesionais da atención primaria, provocando que moitos médicos e médicas en formación eviten desenvolver a súa carreira profesional neste ámbito debido á sobrecarga asistencial, á temporalidade e á falta de incentivos. Como consecuencia, algunhas das prazas de atención primaria ofertadas en Galicia quedan sen cubrir ou resultan menos atractivas que as existentes noutras comunidades autónomas.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun importante déficit de profesionais no sistema sanitario público. A nosa comunidade sitúase entre as que presentan peores ratios de médicos e médicas por habitante e tamén entre as que teñen menores ratios de persoal de enfermaría por paciente. Esta realidade reproducese igualmente en ámbitos tan sensibles como a saúde mental, a pediatría ou a atención maternoinfantil, onde Galicia continúa por debaixo dos estándares recomendables.

En termos de formación de novos profesionais, Galicia deixou pasar durante anos oportunidades para incrementar o número de especialistas dispoñibles no sistema público. Ao mesmo tempo, as condicións retributivas do persoal MIR continúan situándose entre as menos competitivas do Estado, dificultando a captación e fidelización do talento sanitario e contribuíndo á marcha de profesionais cara outros territorios.

Esta situación evidencia problemas estruturais en todo o sistema sanitario público galego, que se fan especialmente visibles tanto nos centros de saúde e nos puntos de atención continuada como nos servizos de urxencias hospitalarias. A insuficiencia de recursos



humanos e materiais dificulta a cobertura adecuada das necesidades asistenciais da poboación e provoca unha presión crecente sobre o conxunto do sistema.

Este escenario ten levado a un incremento evidente do malestar da cidadanía e dos propios profesionais. Así, os sanitarios e sanitarias do sistema público veñen manifestando reiteradamente a súa discrepancia coa xestión do Goberno galego, situación que se traduciú en mobilizacións, protestas e conflitos laborais. Paralelamente, a cidadanía galega protagonizou durante os últimos anos numerosas concentracións e manifestacións en defensa da sanidade pública, reclamando unha Atención Primaria forte, accesible e dotada dos recursos necesarios para responder ás necesidades da poboación.

A provincia de Pontevedra non é allea a esta realidade. Os problemas de cobertura de prazas, as dificultades para obter cita en tempos razoables, a saturación dos centros de saúde e a crecente presión asistencial constitúen unha preocupación compartida polos concellos da provincia e pola súa cidadanía. Como institución de representación e cooperación municipal, a Deputación de Pontevedra non pode permanecer allea a unha situación que afecta directamente á calidade de vida e ao benestar da veciñanza.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

- 1. Instar á Xunta de Galicia a implementar xerencias de Atención Primaria nas distintas áreas sanitarias galegas, dotándoas dos recursos humanos, materiais e da autonomía de xestión necesarios para garantir unha atención sanitaria pública, universal e de calidade.*
- 2. Instar á Xunta de Galicia a impulsar a incorporación progresiva á Atención Primaria de profesionais doutras especialidades sanitarias, complementando o labor dos equipos médico-enfermeiros e favorecendo unha atención integral á cidadanía.*
- 3. Instar á Xunta de Galicia a mellorar as condicións laborais do persoal eventual do SERGAS, favorecendo a súa estabilidade mediante contratos de maior duración e continuidade, reducindo a precariedade e promovendo a fidelización dos profesionais.*
- 4. Instar á Xunta de Galicia a equiparar progresivamente, nun prazo máximo de tres anos, as retribucións do persoal MIR en formación ás medias salariais existentes no conxunto do Estado.*
- 5. Instar á Xunta de Galicia a reforzar a coordinación entre os servizos de Saúde Mental e a Atención Primaria, establecendo equipos de referencia territoriais, facilitando consultas especializadas nos centros de saúde e dotando o sistema dos recursos humanos e materiais necesarios para reducir os tempos de espera.*



6. *Instar á Xunta de Galicia a mellorar as condicións dos centros de saúde acreditados para a docencia e dos profesionais titores, co obxectivo de ampliar a capacidade formativa e incrementar a dispoñibilidade de profesionais para a Atención Primaria.*
7. *Instar á Xunta de Galicia a incrementar o investimento en Atención Primaria ata acadar os estándares recomendados polos organismos especializados, garantindo unha distribución equilibrada dos recursos sanitarios en todo o territorio galego e prestando especial atención ás necesidades do medio rural e das zonas con maiores dificultades de cobertura asistencial.*
8. *Dar traslado destes acordos á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade, aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, á Federación Galega de Municipios e Provincias e ás organizacións profesionais e sindicais representativas do ámbito sanitario.*

Sometida a votación a moción do grupo provincial do PSdeG-PSOE, para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia á defensa e fortalecemento da atención primaria en Galicia, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.
2. **Votos en contra: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular
3. **Abstencións: (2)**, do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia á defensa e fortalecemento da atención primaria en Galicia, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE, cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular (PP) e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG.

9. ***Dar conta do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de maio de 2026. (Exptes.- 2026048683 – 2026045746).***

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de maio de 2026, asinado pola



Viceinterventora con data 4 de xuño de 2026 e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría con data 8 de xuño de 2026, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de maio de 2026 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES MAIO 2026

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Maio	14,5900000000	5.376.276,01	19,0400000000	2.558.764,62	16,0300000000
Escola de Enfermería	Maio	1,9600000000	2.169,80	0,0000000000	0,00	1,9600000000
Consorcio de Incendios e Salvamento	Maio	6,5100000000	42.420,26	0,0000000000	0,00	6,5100000000



Consortio Deza Tabeiros	Maio	11,8600000000	14.001,89	0,0000000000	0,00	11,8600000000
----------------------------	------	---------------	-----------	--------------	------	----------------------

TOTAL		5.434.867,96		2.558.764,62	15,9683562057
--------------	--	---------------------	--	---------------------	----------------------

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do **informe do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de maio de 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes**, en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

10. Rogos e Preguntas.

Non se produciron.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as doce horas e cinco minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión
Asdo.: José Antonio Gulías Varela
(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

